



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Vista a solicitude D. JOSÉ DIZ GARCIA , co DNI 35249992 P que actúa no seu propio nome e interese e en calidade de Presidente da Comunidade de Usuarios de Xanique-Val do Fento co CIF G36143246 en relación a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 € para o cofinanciamento das obras de reparación da rede de subministración domiciliaria de auga potable.

A “Comunidade de Usuarios de Xanique-Val do Fento” conta con 141 usuarios, vivendas e centros públicos, que se integran na súa rede de abastecemento de augas. Esta comunidade de augas ten que adaptar urxentemente as súas instalacións á lexislación vixente sendo necesario proceder á dotación da auga para poder garantir a potabilidade do suministro en todo momento. A este fin cómpre instalar un clorímetro autoanalyzer con sondas de medida e PH e de cloro, un depósito para o almacenamento de produtos químicos precisos no tratamento da auga, unha bomba impulsora para a recirculación da auga entre os depósitos onde se analiza a auga a o autoanalyzer, un inyector para o suministro destes produtos en función das súas necesidades e un contador para medir o consumo de auga. Para o funcionamento destes aparellos é preciso facer chegar o suministro eléctrico ata dita instalación.

É importante sinalar que esta comunidade de usuarios de augas abastece varios centros públicos como son: a escola infantil, o colexio de educación infantil e primaria, o centro de saúde e o pavillón deportivo.

Tamén cabe dicir que na época estival a poboación desta parroquia aumente de maneira significativa e que o gasto de auga incrementase de xeito notorio.

O Concello de Cerdedo-Cotobade atendendo ás demandas dos veciños comprométese a colaborar na financiación da execución desta obra de emerxencia para garantir o subministro de auga a esta comunidade de usuarios de augas.

Visto o artigo 22.2.c) da Lei Xeral de Subvencións que establece que se poderán conceder de forma directa con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Visto o informe da Intervención Municipal e o certificado de existencia de crédito por importe de 7.000,00 con cargo á aplicación orzamentaria 160/78 segundo documento contable RC 2017 4570.

En razón de canto antecede, e en uso das facultades que se me confiren no artigo 21.1. s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local pola presente,



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



RESOLVO:

Primeiro.- Conceder á Comunidade de Usuarios de Xanique-Val do Fento co CIF G36143246 unha subvención por importe de 7.000,00 € para o cofinanciamento das obras de reparación da rede de subministración domiciliar de auga potable.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras Administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custe da actividade subvencionada.

Segundo.- Establecer como prazo límite de execución da actividade subvencionada o día 28 de decembro de 2018.

Terceiro.- O pago da subvención realizarase nun único pagamento por importe de 7.000,00 € na anualidade 2018.

O pagamento correspondente á anualidade 2018 efectuarase unha vez asinado o presente convenio de forma anticipada, xustificado adecuadamente de conformidade co disposto na cláusula sétima, o gasto total realizado polo beneficiario con data límite de 28 de decembro de 2018.

No caso de que non se xustificara a totalidade do gasto, minorarase a aportación do Concello de Cerdedo-Cotobade na porcentaxe que proceda en función do importe xustifico.

Cuarto.- A conta xustificativa da axuda concedida deberá ser presentada ao órgano xestor, no prazo de dous meses dende a finalización do prazo concedido para a realización da actividade subvencionada, sendo a data límite o 28 de decembro de 2018 e comprenderá a seguinte documentación:

- a Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo.
- b Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- c Os gastos xustificaranse mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (nóminas, Tcs, cartas de pago oficiais...).

As facturas as que fai referencia o parágrafo anterior deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003 ademais de estar datadas no período subvencionable e conte-lo selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pago. En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio ós simples “recibís”.

Deberase aporta-lo orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presenten para estampillar a primeira, que será devolta, e compulsar a segunda. O estampillado consistirá na impresión sobre o documento orixinal da expresión “este documento serviu para xustificar unha subvención outorgada polo Concello no procedemento de concesión de subvención para...”.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADA

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



- d No suposto de adquisicións de bens inmobles deberase aportar ademais certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.
- e Tratándose de execución do obras será precisa a presentación de certificación de obra e factura, que teñen que conter os requisitos legalmente esixibles para a súa expedición. Se as obras se realizan por contrata acompañarase á certificación informe do técnico competente.
Se as obras se realizan por administración será preciso achegar á certificación a xustificación de tódolos gastos que se relacionan na certificación e o informe do técnico municipal no que se acreditará que a obra está realizada de conformidade co orzamento ou proxecto que serve de base.
- f Relación desagregada de tódolos ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
- g Un exemplar de tódala documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

Quinto.- Atribuir a condición de órgano xestor desta subvención a esta Presidencia.

Sexto.- Dar conta da presente resolución na primeira sesión plenaria que se celebre.

En Cerdedo -Cotobade
(documento asinado dixitalmente á marxe)
O Presidente

Jorge Cubela López

O Secretario

Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor